


HISTORIA DA CIENCIA

EFEMÉRIDES DO MES DE XANEIRO




O 1 de xaneiro de 1896, o científico alemán Guillermo Roentgen descubre os raios X.

O 2 de xaneiro de 1920 nace Isaac Asimov, nun pobo de Rusia. Prolífico escritor de ciencia ficción. Unha das súas obras máis coñecida é Eu Robot.



O 4 de xaneiro de 1809 nace Luís Braille, educador francés quen desenvolveu unha forma táctil de escritura, agora coñecida como braille. Quedouse cego por mor dun accidente cando tiña catro anos e conversando na escola para cegos co soldado Carlos Barbier, soubo do sistema de escritura militar baseado en doce puntos. Este era usado nas batallas para transmitir información en silencio. Así, Braille logrou desenvolver un sistema baseado en seis puntos, que publicou seis anos despois.



O 6 de xaneiro de 1884 nace Gregorio Mendel, pioneiro no estudo dos factores hereditarios e creador dunha corrente científica chamada o Mendelismo.



O 7 de xaneiro de 1943 morre Nikola Tesla inventor orixinario de Serbia, quen sentou as bases para o funcionamento da maioría das maquinas que funcionan con corrente alterna, como as dinamos (xeradores eléctricos), motores eléctricos e transformadores.



O 19 de xaneiro de 1736 nace en Escocia James Watt que inventou a máquina de vapor, co cal contribuíu á revolución industrial do século XVIII.

